

## Que é o Campobosco?

O *Campobosco* é un encontro cristián de mozos e mozas (a partires de 1º Bach). Leva este nome porque nos inspiramos na experiencia e o testemuño de Don Bosco.

É un encontro no que se convive con outros mozos de inquiredanzas semellantes, reflexiónase persoalmente e en grupo, celébrase a reconciliación e maila Eucaristía, facemos oración, gozamos dos encontros persoais e de grupo, sacamos conclusións e tentamos trasladalas á vida.

O lema deste ano: “**Abrimos camiños**”.



## Que é o DonBosco.contigo?

O *DonBosco.contigo* é un encontro cristián de mozos e mozas (3º e 4º ESO). Leva este nome porque nos inspiramos na experiencia e o testemuño de Don Bosco.

É un encontro no que se convive con outros mozos de inquiredanzas semellantes, reflexiónase persoalmente e en grupo, hai celebracións, facemos oración, gozamos dos encontros persoais e de grupo, sacamos conclusións e tentamos trasladalas á vida.

O lema deste ano: “**Viaxamos contigo**”.

## Lugar, datas

Este ano celebramos ambos os dous encontros en León, do **25 ao 27 de novembro**. Cadaquén participa no encontro da súa idade.

## Que hai que levar

*Cadaquén leva: saco de durmir, a cea do venres, roupa e calzado de abrigo para toda a fin de semana, útiles de aseo (toalla, chanclas, xel, cepillo de dentes....).*

*Cada participante abonará 55€ para, materiais, estancia, manutención, viaxes. De todos xeitos, que ninguén quede sen ir por temas económicos (falade connosco para tratar de solucionar calquera problema).*

## ...e sobretodo

O *Campobosco* e o *DonBosco.contigo* son experiencias compartidas. Aínda que hai cousas preparadas, o fundamental está na túa capacidade de reflexionar e de compartir vivencias e experiencias.

Non agardes que che dean as cousas feitas. Do interese de cadaquén depende que todos esteamos a gusto e voltemos contentos da experiencia.

Eu \_\_\_\_\_ pai/nai/titor/titora de \_\_\_\_\_ (nome) de \_\_\_\_\_ anos de idade autorizo/a a participar no (marcar o que corresponda)  
 **Campobosco**       **DonBosco.contigo**  
que se celebrará en León, do 25 ao 27 de novembro de 2022.  
- Alerxias ou intolerancias:.....  
- Observacións: .....  
- Teléfono/s de contacto: .....  
Data e sinatura.



*León 26-28 de Novembro  
 Pídelle máis información ao teu  
 Coordinador do Centro Xuvenil*



**salesianos**

# Moi importante!

En canto teñamos as viaxes organizadas confirmáremosvos a hora de saída do venres 25, pola tarde, e sairemos de León o domingo 27 despois de comer.

Para organizármonos é preciso que entregues a túa inscrición antes do domingo 20 de novembro.



**Organiza:**



# Campobosco DonBosco.contigo

**CAMPOBOSCO 2022**  
 LEÓN, 25-27 DE NOVIEMBRE



25 ao 27 de  
 novembro de 2022

León